



---

**DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN DO GRAO ELEMENTAL DAS ENSIANZAS DE RÉXIME ESPECIAL DE DANZA.**

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 26 de xuño de 2007, emite o seguinte ditame provisorio en relación co Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza.

1.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa a creación de centros integrados nos que o alumnado poida compaxinar nese mesmo centro as ensinanzas de réxime xeral coas de réxime especial.

2.- Para o apartado f), do artigo 3º, propónse a substitución do texto: “tanto nas actividades da aula como nas complementarias e extraescolares”; polo seguinte: “**tanto nas aprendizaxes de aula e nas complementarias como nas extraescolares**”. (Páxina 2, liña 26).

3.- No punto 3 do artigo 11º, propónse a inclusión da expresión: “,  **cualitativa**” inmediatamente despois de: “continua”. (Páxina 4, liña 41).

4.- No texto do apartado 1 do artigo 13º, propónse a supresión da seguinte expresión: “**en ningún caso**”. (Páxina 5, liña 30).

5.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa a necesidade de regular o acceso a estas ensinanzas para o alumnado con discapacidade, sempre que a súa discapacidade lles permita cursar as ditas ensinanzas. Nesa regulación terase en conta a autonomía dos centros.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

v. e pr.  
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo